

o mapa do contexto fala por si mesmo

manu lago - produtor, distribuidor e impulsor do Arquivo Online de Danza Contemporánea de Galicia



Análise de contexto

Estos días estou dedicando unhas horas á lectura do 1º volume da *Historia da Danza Contemporánea en España* onde Guillermo Heras no seu artigo “El Centro Nacional de Nuevas Tendencias Escénicas, impulsor de la danza contemporánea española” lembra que nos anos 80:

“...se creó con el ánimo de dar cabida a todas las expresiones escénicas que tuvieran una relación directa con la renovación de los lenguajes dramáticos, del movimiento y la danza o de lo que hoy se podría denominar experiencias transversales. De ahí que la danza y sus propuestas de contemporaneidad ocuparan un lugar muy destacado de la producción y programación de la sede del Centro, la sala Olimpia de Plaza de Lavapiés en Madrid. En su manifiesto de lanzamiento del proyecto ya se apuntaba cómo sería un lugar para nuevas textualidades e investigación en todo tipo de experiencias fronterizas e interdisciplinarias, así como el rescate de la memoria de las vanguardias históricas españolas de principios del siglo XX”. (...) “Quiero insistir en la idea de que en esta década, desde comienzos de los ochenta hasta los noventa, asistimos a una eclosión de creadoras y creadores, grupos y compañías que, gracias a unos circuitos emergentes y unos gestores -la mayoría procedentes del mundo teatral- muy interesados en los lenguajes coreográficos, lograron asentar un movimiento casi surgido desde experiencias autodidactas y, desde luego, ausentes, de los imaginarios culturales durante la época franquista”.

¹ VAA (2019): *Historia de la Danza Contemporánea en España*, Volumen I De los últimos años de la dictadura hasta 1992, Academia de las Artes Escénicas de España, px. 64-66.

“a nosa primeira explosión creativa foi entre os anos 2005 e 2008”

E por outra banda María Peinado (compañía Teatro da Ramboia), nunha entrevista² do pasado mes de maio de 2019 para a revista *Erregueté* tras a concesión do premio do *Certame Manuel María de textos teatrais* resume a nosa actualidade case 40 anos despois: “Ningún sentido ten unha axuda á produción se despois a compañía non vai poder conseguir funcións” (referíndose ás 26 funcións que forman parte do galardón para posibilitar a mostra do traballo unha vez producido).

En Galicia a nosa primeira explosión creativa en danza foi entre os anos 2005 e 2008 onde se suman á escena novas compañías como *Pisando Ovos*, *La Macana*, *Javier Martín*, *Andrea Quintana*, *Janet Novás*, *Sólo dos*, *Entremans*, *Ánxela Blanco*, *Traspediante* e súmanse aos traballos que xa realizaban arredor das linguaxes contemporáneas e do corpo como *Matarile*, *Olga Cameselle*, *Estela Lloves* mentres se construía o *Centro Coreográfico Galego* e *Teatro Ensalle* e desaparecía o *Festival En Pé de Pedra*, o *Teatro Galán* e a *Sala Nasa*, chegando a producir máis de 25 pezas nun ano (2010).

Hoxe, case 15 anos máis tarde, vemos xurdir unha nova xeración de creadoras como son *Fran Martínez*, *Elvi Balboa*, *Diego M. Buceta*, *Belén Bouzas*, *Cia Exire*, *Esther Latorre* ou *Alejandra Balboa* mentres o contexto semella non ter vontade de asumir, apoiar, compartir e arroupar as pezas creadas no noso territorio a través das súas redes de programación.

Contexto actual

Os datos dos que dispoño para darnos un contexto actual forman parte da información recollida no *Arquivo Online da Danza Contemporánea de Galicia*³ que levo construíndo desde 2017 sobre a produción de danza contemporánea en Galicia dos últimos 25 anos: www.arquivocondanza.gal. Aínda que referidos á danza contemporánea, son extrapolables ao teatro de creación e/ou novas tendencias.

Os mapas do arquivo (ao final deste texto) pretenden facer unha radiografía (parcial, xa que só se mostran as funcións das redes de Galicia) da presenza da danza nos espazos públicos da Comunidade recollidos desde 2017 e cos que podemos facer o seguinte resumo:

As creadoras e creacións de danza:

- En Galicia temos, aproximadamente, 40 creadoras/coreógrafas en activo. Realizan producións con certa regularidade aproximadamente a metade, moitas desde unha mesma compañía.
- No 2017 producíronse 18 espectáculos de danza de moi diversos formatos e 21 no ano 2018.

As axudas a produción e distribución de espectáculos de danza:

Recollemos ademais no Arquivo Online un sumatorio anual das axudas concedidas á produción ou distribución de espectáculo desde a Agadic:

2 [Entrevista María Peinado na Revista Erregueté](#)

3 [Arquivo Online da Danza Contemporánea de Galicia](#)

“en 2018, dos 44 espazos da RGTA programaron danza 9 deles; dos 30 concellos da Rede da Deputación da Coruña fixérono 6”

- Se no 2015 se outorgaron 0€ a espectáculos producidos e distribuídos por compañías de danza de Galicia, no 2016 e 2017 foron aproximadamente 25mil cada ano e no 2018 chegouse a preto dos 100mil euros, incrementados en boa parte polo importe das recuperadas coproducións co Centro Coreográfico Galego, sendo: 36.971,76 euros a través de axudas á produción; 40431,47 euros a través das axudas á distribución de espectáculos fóra de Galicia e 51344 euros para coprodución de tres espectáculos (*La Macana*, *Pisando Ovos* e *Sólo dos*)⁴.

Os espazos para a danza:

En Galicia existen 4 redes ou programas anuais:

- Rede Galega de Teatros e Auditorios (RGTA) con 44 espazos de 42 localidades de Galicia.
- Rede Galega de Salas (RGS) con 5 espazos de 4 localidades de Galicia.
- Ciclo Cultura no Camiño (CCC) no que participan 104 Concellos de Galicia.
- Rede Cultural da Deputación de A Coruña (RC-DAC) no que participan ata 30 Concellos da provincia de A Coruña.

As funcións de danza (sen diferenciar tipo) nas redes e outros eventos de Galicia

No 2017:

- Dos 44 espazos da RGTA programan danza 9 deles.
- Dos 5 espazos da RGS programa danza 1 deles.
- Dos 104 Concellos do CCC programan danza 2 deles.
- Dos 30 Concellos da RC-DAC programan danza 0 deles.

No 2018:

- Dos 44 espazos da RGTA programan danza 15 deles.
- Dos 5 espazos da RGS programan danza 4 deles.
- Dos 104 Concellos do CCC programan danza 3 deles.
- Dos 30 Concellos da RC-DAC programan danza 6 deles.

Programas específicos e estables de danza

En espazos de xestión pública:

⁴ Resolución das axudas á produción e distribución da Agadic para o 2018

“O noso territorio continúa a ser impermeable ás artes do movemento e novas linguaxes”

- TRC Danza - Teatro Rosalía de A Coruña
- Primavera en Danza - Pazo da Cultura de Carballo

De xestión privada:

- Teatro Ensalle de Vigo - Festival Catropezas
- Festival Corpo(a)terra, Ourense
- Festival Danza no Claustro, Ourense
- Festival Sólodos En Danza, Ourense
- Cartografías do movemento, Lugo
- Festival Herdanza, Santiago de Compostela
- Festival Quincegotas, A Coruña

A experiencia en produción e distribución desde Galicia Danza Contemporánea

A decisión de traballar con varias compañías baixo unha mesma marca no 2017 respondía a varios obxectivos:

1. Dispoñer dunha oficina de xestión e persoal estable para varias compañías que ademais permita realizar unha distribución continua e constante.
2. Ofrecer un espazo virtual onde se recollan gran parte das producións coreográficas de Galicia a modo de catálogo e escaparate da danza contemporánea de Galicia.
3. Romper a barreira na comunicación da actividade das compañías de danza co resto da Península coa asistencia a festivais en representación de todas as compañías incluídas en *Galicia Danza Contemporánea*.

Lentamente os obxectivos marcados vanse logrando a medida que conseguimos persoarnos en determinados festivais fóra de Galicia mentres que no noso territorio continúa a ser impermeable ás artes do movemento ou novas tendencias e novos linguaxes desde os espazos de exhibición de titularidade pública. As compañías/creadoras vinculadas a procesos de investigación e creación dispoñen en Galicia da súa propia rede creada a partir da programación dos seus propios festivais.

En canto á produción, e sumado á resistencia nos últimos anos das compañías en activo, parece que a danza pode dispoñer dun certo apoio coas recuperadas coproducións do *Centro Coreográfico Galego* ou as axudas a produción de espectáculos de danza de AGADIC e aos procesos de investigación a través das *Residencias Paraíso* xestionadas polo *Colectivo RPM*⁵ ou *.EXE* e Vigo en *bruto* do *Teatro Ensalle*⁶. Pero o certo é que nos custa excesivo esforzo non só atopar funcións para realizar xira, se non moitas veces as estreas.

As creadoras de Galicia dispoñen as súas xa maduras linguaxes persoais, innovadoras en todos os

5 [*Residencias Paraíso do Colectivo RPM*](#)


6 [*Residencias .EXE no Teatro Ensalle*](#)

“custa excesivo esforzo non só atopar funcións para realizar xira, se non moitas veces as estreas”

casos. Traballan ademais actividades paralelas para acompañar as funcións, como ferramenta de creación de públicos. Istos dous elementos, innovación e estratexias de creación de públicos, son puntuables na solicitude dunha axuda a produción e deles depende a súa concesión. Mentres, a programación de danza ou novas tendencias e linguaxes nos espazos públicos a través das redes de Galicia depende dunha VONTADE e non do DEBER de ofrecer unha programación plural ou da necesidade de xustificar o seu proxecto de programación dentro da xestión dunha rede.








Texto 6. Cara a unha escena plural. Manu Lago.

Publicado en xuño de 2019 na órbita do espazo de análise e posta en acción “Cara a unha escena plural”, unha mesa de traballo arredor da circulación da danza e a creación contemporánea nos espazos escénicos galegos. O espazo, impulsado por Caterina Varela e Sabela Mendoza, sucede no marco da Galicia Escena PRO, o encontro de profesionais do campo das artes escénicas que organiza Escena Galega e Agadic.



mapas do arquivo online

manu lago - Arquivo Online de Danza Contemporánea de Galicia



mapas do arquivo online

manu lago - Arquivo Online de Danza Contemporánea de Galicia

